

CONVOCATORIA.

Bases para a contratación de persoal laboral temporal. (PEL 2021).

Por resolución desta alcaldía do 24 de febreiro de 2021, aprobouse a convocatoria e as bases para a contratación de **4 peóns de obras (grupo V) e 3 albaneis (grupo V), durante 8 meses**, en réxime de persoal laboral temporal, a xornada completa, mediante a modalidade prevista no artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Procédese a publicar ditas bases, cuxo contido é o que de seguido se indica, facendo constar que o prazo de presentación de solicitudes será de **5 (cinco) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación desta convocatoria na páxina web municipal www.concellodebrion.gal**

BASES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL (PEL – CONCELLOS REACTIVA 2021; PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL MEDIANTE A CONTRATACIÓN DE PERSOAL EN RISCO DE EXCLUSIÓN PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE MENOS DE 20.000 HABITANTES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA).

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal para a execución da seguinte actuación:

Realización de limpeza de aldeas: Os pavimentos das aldeas, asfaltados, precisan dunha limpeza a fondo con extracción de plantas e da maleza que medra a carón delas, reparacións sinxelas e limpeza de cunetas, en:

Parroquia de Bastavales: CAXUXA e VILAS.

Parroquia de Luaña: VEXO e TOURÍS.

Parroquia de Os Ánxeles: GUNDÍN e RIAL.

Parroquia de Viceso: OMBRE e POUSADA.

Parroquia de Boullón: CANTELAR.

Parroquia de Brión: BOIMIL, ENXO e TRASOUTEIRO.

Parroquia de Cornanda: VILARIÑO e ALFONSÍN.

Parroquia de Ons: PAZOS e ONS; seguindo o establecido nas Bases do Programa referenciado, publicadas no BOP do 09.12.2020, e modificación posterior publicada no BOP do 23.12.2020, e que se concreta na contratación laboral, a xornada completa, de **4 peóns de obras (grupo V) e 3 albaneis (grupo V), durante 8 meses.**

2. PERÍODO E MODALIDADE DE CONTRATACIÓN.

As contratacións terán carácter laboral temporal de duración determinada, a xornada completa, na modalidade prevista no apartado a) do artigo 15 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto dos traballadores. As retribucións e demais condicións laborais veñen establecidas no convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Brión publicado no BOP 43, do 01.03.2019, en todo aquilo que sexa compatible coa natureza da súa relación de emprego.

3. PUBLICIDADE.

A publicidade da convocatoria farase **mediante anuncio na páxina web municipal www.concellodebrion.gal e no taboleiro de edictos do Concello**. Todos os anuncios sucesivos faranse na páxina web citada e no taboleiro de edictos do Concello.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público.
- b) Ter cumpridos os 16 anos da idade e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño de funcións propias do posto de traballo, que será xustificado mediante informe médico.
- d) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.

e) **As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego** na data de inicio do proceso selectivo.

f) **Estar nalgunha das situacións de exclusión laboral que se relación no apartado seguinte (base 5).**

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

5.- DESTINATARIOS.

De conformidade co previsto na base 2.1 do Programa PEL – CONCELLOS REACTIVA 2021 da Deputación Provincial da Coruña 2021, **os destinatarios e posibles aspirantes deberán estar incluídos nalgunha das situacións de exclusión laboral seguintes:**

- a) Mulleres, ao ter un diferencial de índice de paro rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.
- b) Maiores de 45 anos.
- c) Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de dous anos como demandantes de emprego.
- d) Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. A acreditación da discapacidade será comprobada polo concello no proceso de selección das persoas a contratar.
- e) Persoas en situación de drogodependencia.
- f) Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.
- g) Persoas con fogar monoparental.
- h) Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.



i) Persoas vítimas de violencia de xénero.

j) Persoas sen fogar.

Todas as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, circunstancia que se deberá acreditar no momento da solicitude e antes da súa contratación laboral.

6.-PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Os aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o **modelo do anexo I**, no Rexistro de Entrada do Concello de Brión. **O prazo de presentación de instancias será de 5 (cinco) días hábiles contados desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria na páxina web municipal www.concellodebrion.gal**

No caso de presentar a solicitude nun lugar distinto do Rexistro do Concello de Brión, para non demorar o proceso selectivo, deberán os interesados remitir por fax unha copia da instancia ao número 981887431 ou ben ao enderezo electrónico secretaria@briondixital.org nas vinte e catro horas seguintes ao día da súa presentación e sempre que sexa dentro do prazo de presentación de instancias. Sen a concorrencia de ambos requisitos non será admitida a solicitude.

Á instancia xuntarase a seguinte documentación:

- Copia do DNI.

- Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo**).

- Documentación acreditativa en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada da formación e do carné de conducir tipo B.

- Xustificación documental na que quede debidamente acreditado estar incluído/a nalgún dos apartados da base 5 de destinatarios. **As situacións de exclusión laboral, acreditaranse cos documentos oficiais que testemuñen dita situación como a continuación se detalla:**

Situación e Documentación acreditativa:

- a) Mulleres e persoas maiores de 45 anos: Fotocopia DNI.
- b) Persoas desempregadas de longa duración: Informe de vida laboral actualizado.
- c) Persoas con discapacidade: Fotocopia do certificado de minusvalía, expedido polo órgano competente.
- d) Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, persoas con fogar no que ninguén teñan emprego, fogar monoparental ou persoas sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais.

7.- SISTEMA DE SELECCIÓN: Concurso complementado con entrevista.

7.1. FASE DE CONCURSO:

Consistirá na valoración dos méritos alegados segundo o seguinte baremo:

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL REFERIDA AOS ÚLTIMOS 10 ANOS: Só será obxecto de valoración a experiencia profesional acadada nos últimos 10 anos.

1.- Por cada mes traballado na empresa privada a xornada completa realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,15 puntos por mes completo ata un máximo de 2 puntos.

2.- Por cada mes traballado na administración pública a xornada completa realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta: 0,30 puntos por mes completo ata un máximo de 2 puntos.

En ambos casos non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes e os meses consideraranse de 30 días. A experiencia laboral para ser valorada deberá vir debidamente xustificada mediante copia cotexada ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e remate, así como a categoría profesional pola que fora contratado, non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente.

Acompañarase do informe de vida laboral obrigatoriamente.

A experiencia profesional valorarase **ata un máximo de 4 puntos.**

2. FORMACIÓN REFERIDA AOS ÚLTIMOS 10 ANOS: Só será obxecto de valoración a formación acadada nos últimos 10 anos.

1.- Por ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas administracións públicas: valorarase de 1 a 1,50 puntos, tendo en conta o número de horas e o contido do propio programa en relación ás tarefas a desenvolver no posto ofertado.

- Dunha duración de ata 300 horas: 1 punto.

- De máis de 300 horas: 1,50 puntos.

2.- Por cada curso directamente relacionado coas funcións propias do traballo a desenvolver realizado por calquera organismo oficialmente homologado: 0,20 puntos por cada 20 horas formativas. Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 20 horas non serán valorados.

3.- CARNÉS:

No caso de estar en posesión de carné de conducir tipo B: 1,00 punto.

A puntuación máxima que se pode acadar neste apartado de formación é de 4 puntos.

O tribunal non poderá estimar o non alegado nin probado polos aspirantes.

7.2. ENTREVISTA:

Consistirá nunha entrevista persoal a cada un dos candidatos e versará sobre as funcións a desempeñar, a experiencia persoal e a formación do aspirante.

A entrevista persoal non superará os 2 puntos.

No caso de empate na cualificación final entre dous ou máis aspirantes, o mesmo será resolto acudindo á puntuación obtida na fase concurso, no apartado de experiencia profesional e se persistise o empate acudirase á puntuación obtida no apartado de formación. En caso de persistir o empate, este se resolverá por sorteo que se realizará en presenza dos interesados.

8.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

Presidente/a:

Titular: Teodora Vieiro Nogueira.

Suplente: María Victoria Varela Rodríguez.

Secretario/a:

Titular: Berta Rey Nieto.

Suplente: Francisco Javier Vidal Lorenzo.

Vogais:

Titular: Juan Lapido Casal.

Suplente: Ana Sánchez Fontáns.

Para a válida actuación do tribunal será precisa a presenza da maioría dos seus membros. O tribunal está facultado para interpretar as presentes bases, resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa marcha das probas, en todo o non previsto nas mesmas.

Os membros do tribunal, poderán acudir á incorporación dos asesores ou especialistas que estimen oportuno para un mellor desenvolvemento das fases de concurso e da entrevista.

Aos efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o tribunal cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9.- PUNTUACIÓN FINAL.

Os candidatos seleccionados serán os que obteñan a maior puntuación, sumadas a fase de concurso e a de entrevista persoal. Cos candidatos que non obtiveron praza elaborárase **unha lista de agarda** que estará formada polos outros aspirantes que non obtiveron praza, ordenadas de maior a menor puntuación. Esta lista de agarda servirá para substitucións ou baixas que se produzan durante a vixencia deste Programa de Integración Laboral, anualidade 2021.

Rematada a selección, o tribunal publicará no taboleiro de anuncios do Concello a relación de aspirantes pola orde de puntuación obtida por cada un deles, seleccionándose aos aspirantes que alcancen maior puntuación.

Os aspirantes seleccionados, previamente á súa contratación, e no prazo de tres días naturais desde a súa proposta de nomeamento, deberán xustificar documentalmente os requisitos sinalados nos apartados c), d) e e) da base cuarta, mediante a presentación da seguinte documentación:

- 1) Informe médico de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das tarefas correspondentes.
- 2) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas.
- 3) Xustificación de estar en situación de desemprego, coa presentación da tarxeta de demandante de emprego.

10.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalicen os contratos, os aspirantes propostos non terán dereito á percepción de cantidade económica algunha. No non previsto nas presentes bases, será de aplicación o texto refundido do estatuto dos traballadores e demais lexislación complementaria que resulte de aplicación, así como as normas do convenio colectivo para o persoal laboral do Concello de Brión publicado no BOP 43, do 01.03.2019, en todo aquilo que sexa compatible coa natureza da súa relación de emprego.

11.- INTERPRETACIÓN.

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións



públicas, e en todo o referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

12.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

De acordo co disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal, os datos de carácter persoal que se faciliten para a participación no presente proceso de selección de persoal, incorporaranse nun ou varios ficheiros, cuxo responsable é o Concello de Brión, con sede na Praza do Concello, nº 1 (Brión), onde poderán exercer en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación, e no seu caso, o de oposición, dirixindo á Alcaldía solicitude asinada por escrito xunto cunha fotocopia do DNI.

Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección de persoal, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación dos candidatos, así como a provisión de postos e confección do banco de datos ou lista de agarda.

Igualmente, os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios deste Concello aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación, aos representantes dos traballadores, así como aquelas cesións autorizadas nunha norma con rango de Lei.

Brión, asinado dixitalmente

O alcalde. Pablo Lago Sanmartín



ANEXO I.

MODELO DE INSTANCIA.

A persoa que asina abaixo solicita ser admitida no proceso de selección de persoal laboral temporal para o posto de: (indicar á praza á que se presenta)-----,

DECLARANDO que son certos os datos consignados nela, e que reúne as condicións esixidas para o ingreso como persoal laboral temporal do Concello de Brión.

Achégase a documentación relativa á fase de concurso (**orixinais ou copias compulsadas**), así como unha fotocopia do DNI.

DATOS PERSOAIS

DNI:

PRIMEIRO APELIDO:

SEGUNDO APELIDO:

NOME:

TELÉFONO DE CONTACTO CON PREFIXO/TELÉFONO MÓBIL:

DOMICILIO:

CÓDIGO POSTAL:

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria.

Estou encadrado dentro do seguinte colectivo (algún dos previstos na base 5: Destinatarios)

.....

.....

BRION, de de 2021.

(SINATURA)

A instancia acompáñase de (sinalar cun X segundo proceda):

- Copia do DNI.
- Copia do carné de conducir tipo B.
- Documentación acreditativa (orixinal ou fotocopia compulsada) da experiencia laboral, onde apareza claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (**informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo**).
- Documentación acreditativa (orixinal ou fotocopia compulsada) da formación.
- **Xustificación de estar en situación de desemprego.**
- Xustificación da condición de destinatario da base 5.

De conformidade co establecido na normativa de protección de datos de carácter persoal, infórmase ao interesado que os datos facilitados neste formulario incorporaranse ao ficheiro automatizado do que é titular o Concello de Brión, con enderezo en Praza do Concello nº 1 (Brión). Vostede poderá exercer, en calquera momento, os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, previstos pola Lei. Ao asinar este formulario vostede autoriza expresamente a utilización dos seus datos persoais en tódalas actividades relacionadas co proceso de selección.

Sr. Alcalde do Concello de Brión